



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL PARA A EXECUCION DO PROXECTO DE PROMOCION COMERCIAL COMPOSTELA MONUMENTAL – CAMIÑO DO XACOBEO 2021/22

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental para o proxecto de promoción comercial Compostela Monumental Xacobeo 21.22.

As actividades de promoción que se levarán a cabo consistiran na edición dunha tiraxe de 50.000 bolsas comerciais de Compostela Monumental co obxectivo de promocionar o turismo cultural e de compras de cara aos Anos Santos, Xacobeo 2021/22. Ditas bolsas recollen, por cada unha das caras das mesmas, a imaxe corporativa de Compostela Monumental e a do Xacobeo 2021/22.

As bolsas comerciais van dirixidas principalmente a potenciais clientes e turistas que visiten Santiago de Compostela. As bolsas, perdurables no tempo son un soporte publicitario mundial excelente, xa que viaxarán a distintos lugares cos seus novos donos e promoverán nos seus lugares de orixe a imaxe do Xacobeo 2021/22, do Camiño de Santiago, Galicia e de Compostela Monumental.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Segundo.- A Asociación ten a súa sede no número 31 da rúa Algalia de Arriba de Santiago de Compostela. O edificio onde se asenta é propiedade da Xunta de Galicia e o seu uso foi cedido á Asociación en réxime de comodato mediante contrato celebrado con data 20 de decembro de 2012

Entre os fins da Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental, en diante a Asociación, está o de promocionar o turismo cultural e de compras de cara aos Anos Santos, Xacobeo 2021/22.

Terceiro.- A consideración deste 2021 como Ano Santo, cunha distancia temporal de once anos con respecto ao anterior (2010), converte ao Xacobeo 21-22 nun acontecemento excepcional e de transcendencia global que producirá unha afluencia peregrina moi importante, ligada ao espírito e á celebración do Xacobeo, coa consecuente incremento de visitantes, o que implica a necesidade de potenciar a cidade de Santiago como punto final do Camiño.

Cuarto.- O proxecto a desenvolver entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación a través do presente convenio de colaboración é a promoción comercial Compostela Monumental Xacobeo 21.22 a través dunha tiraxe de 50.000 bolsas promocionais e





responde ao interese común de ambas as dúas partes; ademais contribuirá a dar a coñecer a importancia cultural e comercial de Santiago de Compostela coma principal itinerario cultural de Europa por medio do turismo de compras, promocionar o Xacobeo 2021/22, fidelizar e potenciar a marca Xacobeo e Camiños de Santiago como destino turístico cultural de primeiro nivel e posicionar Santiago de Compostela e Galicia como un dos principais referentes mundiais en materias como o turismo e comercio, cascos históricos, patrimonio arquitectónico-cultural, capital europea universal (Patrimonio da Humanidade), e Cidade Santa referente a nivel mundial da cristiandade.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Asociación dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificoado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

